


Sala 11. Cuarto dos nenos

Nesta dependencia consérvase unha cama tipo góndola, realizada en caoba, así como un armario con xoguetes, algúns de folia de lata, e abanos. Tamén, ademais dun tocador, fotografías, debuxos, gravados, pintura diversa, un reloxo de parede e unha cadeira de nodriza.



Caridade Romana

Sala 10 Cuarto da señora

Chamado así por ser o que ocupou a última propietaria do pazo, dona M.^a Paz Taboada. Conta cun lavabo pintado a man así como cun tocador, un gran escritorio, unha vitrina con obxectos persoais de prata e unha cama con dosel.

Pintura

Expóñense dúas obras atribuídas a Manuel Landeira Bolaño (1736-1790), artista que se dedicou a policromar pezas escultóricas e a pintar obras de temática relixiosa como esta “Anunciación” e o “Soño de San Xosé”. Un pequeno cadro asinado por Agrasot (Joaquín Agrasot, Orihuela 1836- Valencia, 1919) amosa un cativo durmindo coa dedicatoria “A mi hijo Ricardo de 50 días”.

Caridade romana

Copia anónima dunha obra de Murillo que reproduce o mito grecorromano da piedade filial: na escena a filla dá de mamar ao pai preso e condenado a morrer de fame.

